



CONCELLO DE VILASANTAR  
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.com](mailto:correo@vilasantar.com) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169

---

## **SUBVENCÍONS PÚBLICAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA MULLER 22 ( Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade).**

### **OBXECTO.**

Subvencións para as **contratacións indefinidas iniciais a tempo completo** que se celebren **dende o 1 de xaneiro de 2022 e ata o 30 de setembro de 2022 con mulleres desempregadas.**

### **ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as cooperativas e as sociedades laborais, que contraten por conta allea mulleres desempregadas, inscritas como demandantes de emprego, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén poderán ser beneficiarios dos incentivos os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, excepto para facer contratos con persoas con discapacidade e contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social respectivamente.

### **REQUISITOS DAS CONTRATACIÓNS.**

A **contratación** realizada coa muller desempregada pola que se solicita a subvención deberá ser **indefinida inicial**, incluída a modalidade de fixos-descontínuos dun **mínimo de 9 meses de duración, e cunha xornada a tempo completo.**

### **CONTÍA DOS INCENTIVOS.**

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 6.000 euros por cada muller desempregada contratada.

### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes presentaránse obrigatoriamente por medios electrónica a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I, segundo o procedemento correspondente na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

**PRAZO SOLICITUDE: DENDE O 5/7/2022 ATA O 30/09/2022.**

**MÁIS INFORMACIÓN: AEDL VILASANTAR, Teléfono 981 77 81 69 LOURDES.**